

8



Sínten-se discriminados os/as xitanas/os?

8. Sínten-se discriminados os/as xitanos/as?

Para concluír introduciuse unha última pregunta no cuestionario. Nela interesábonos pola percepción subxectiva dos entrevistados en canto á posible discriminación á hora de traballar ou estudar. En concreto a pregunta formulouse nos seguintes termos: “¿Nalgunha ocasión sentiuse Vd. discriminado, pola súa condición de xitano/a, ao buscar traballo, no traballo que tivese ou no centro de ensino onde cursou estudos?”. A pregunta expúxose como de resposta múltiple, pois un mesmo entrevistado podía atoparse en máis dunha das circunstancias polas que se lles preguntaba.

Os resultados obtidos son interesantes e concrétnanse, de xeito xenérica, na seguinte táboa:

Táboa 8.1: ¿Sentiuse discriminado Vd., pola súa condición de xitano/a, nalgunha de las seguintes circunstancias?

	N	% sobre	
		Respostas	Persoas
Non nunca	215	49,9	55,4
Si, ao buscar traballo	117	27,1	30,2
Si, no traballo	44	10,2	11,3
Si, onde estudo ou estudaba	55	12,8	14,2
Total respostas	431	100,0	111,1

Case a metade dos enquisados, o 44,6%, sentíronse discriminados algunha vez; ben ao buscar traballo, onde traballan actualmente ou ben onde estudaron ou estudan. E destes, o 68% sentiron que eran marxinados cando estaban buscando traballo. De feito, se acudimos a outra pregunta do cuestionario, aquela en a que se expón “¿Por que cre Vd. que non atopa traballo, e, polo tanto, está en paro?” Observamos que o 25% dos xitanos manifestaron de forma espontánea, como causa da súa situación de desemprego, o feito de ser xitano/a.

Estas proporcións supoñen que ao redor de 4.500 xitanos/as maiores de 16 anos residentes en Galicia sufriron a marxinación nalgunha das circunstancias mencionadas.

O total reflectido na táboa anterior alcanza a cifra de 431 respostas efectuadas polos 388 entrevistados que responderon a esta cuestión, o que supón que cada entrevistado deu unha media de 1,1 respostas. O 9% dos consultados manifestan haberse sentido marxinados en polo menos dous das tres circunstancias propostas e un 2% sentiu a marxinación nos tres escenarios sondados.

Comparando estes datos co conxunto de xitanos do país vemos que a proporción dos que se sentiron discriminados algunha vez na Galicia (44,6%) é lixeiramente inferior (xitanos en España = 45,4%).

Con diferenza é na procura de emprego onde de xeito máis severo senten marxinados os/as xitanos/as, e isto déixase sentir ao analizar este aspecto en relación a outras variables de análises. Vexamos na táboa seguinte a maior ou menor incidencia da marxinación segundo diferentes situacións:

O EMPREGO NA POBOACIÓN XITANA DE GALICIA

Táboa 8.2: Proporción de poboación xitana de 16 e máis anos que se sentiu marxinada segundo diferentes situacións persoais (%)

		Nunca	Buscando traballo	No traballo	Estudos
Sexo	Homes	50,9	36,3	16,4	14,6
	Mulleres	59,0	25,3	7,4	13,8
Hábitat	Ata 10 mil hab.	64,4	13,3	6,7	17,8
	De 10-25 mil hab.	59,2	26,3	5,3	15,8
	De 25-50 mil hab.	54,3	32,6	10,9	13,0
	De 50-100 mil hab.	45,1	35,4	17,1	24,4
	De 100-250 mil hab.	60,6	34,3	10,1	6,1
	Máis de 250 mil hab.	47,5	32,5	20,0	7,5
Edad	De 16 a 19 anos	66,1	14,3	0,0	21,4
	De 20 a 24 anos	48,2	28,6	28,6	16,1
	De 25 a 34 anos	52,0	33,6	33,6	14,4
	De 35 a 44 anos	54,4	40,5	40,5	8,9
	De 45 e máis anos	59,7	26,4	26,4	12,5
Estudios	Analfabetos	62,7	25,5	13,7	9,8
	Sen estudos	55,3	32,3	11,9	10,2
	Primeiro grado	52,1	26,6	8,5	25,5
	Segundo grado e máis	50,0	37,5	12,5	25,0
Situación	Ocupados	52,6	31,3	13,9	15,7
	Ocupacional	Parados	40,0	60,0	10,0
	Inactivos	61,1	24,6	7,9	11,9
Cualificación	Obreiro non cualificado	58,3	45,8	20,8	12,5
	Obreiro cualificado	52,3	29,4	13,2	15,2
Media xitanos		55,4	30,2	11,3	14,2

A marxinación afecta máis intensamente aos homes en todas as situacións persoais, xa sexa no traballo e no proceso de procura deste, así como durante os estudos. A discriminación resulta máis intensa nas cidades de 50.000 a 100.000 habitantes e nas de máis de 250.000 onde cerca do 65% dos xitanos/as sentiron algunha forma de discriminación, a gran maioría no proceso de procura de traballo.

Os xitanos/as de 20 a 24 anos rexistran proporcións de discriminación máis elevadas que na media, mentres que entre os máis novas destaca que máis do 21% dos xitanos de 16 a 19 anos sentíronse discriminados no ámbito educativo.

8. Sínten-se discriminados os/as xitanos/as?

A discriminación maniféstase máis intensa nas persoas que teñen estudos e especialmente naqueles con estudos secundarios ou superiores. En función da situación ocupacional, o sentimento de discriminación está máis presente entre os parados. O sentimento de discriminación tamén resulta estendido entre os ocupados non cualificados no momento de buscar traballo, así o confirman o 46% destes.